

1-. Centros de realización das probas do DELF escolar

As probas do DELF escolar realizaranse en seis centros educativos da Comunidade de Galicia designados pola Consellería. Cada un destes centros está vinculado ao centro da Alianza Francesa acreditado que lle corresponde e conta con profesorado con formación pedagóxica específica habilitado oficialmente como examinador e corrector do DELF.

Os centros acreditados para a obtención do DELF escolar que colaborarán coa Consellería son as *Alliance Française* da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Os centros onde se realizarán as probas son:

A Coruña: IES Eusebio da Guarda

Santiago de Compostela: IES Xelmírez I

Lugo: IES Nosa Señora dos Ollos Grandes

Ourense: IES As Lagoas

Pontevedra: IES Sánchez Cantón

Vigo: IES de Teis

2-. Proceso de inscrición do alumnado

Lémbrese que o proceso de inscrición do alumnado realizarase a través das *Alliance Française* correspondentes antes do **31 de xaneiro** de 2017. Así mesmo, deberase enviar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - a través do correo electrónico delfescolar@edu.xunta.es - o **Anexo I** debidamente cuberto, selado e asinado antes do **28 de febreiro** de 2017.